

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central -		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/35/2020	GOB14I0HL	
5D5X3G0S2P0A6B5I0043		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE

SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MªDELPILAR CANZOBRE MENDEZ <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do quince de outubro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúne a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTENIMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE 2020.- Vista a proposta formulada que di así: O día 07-10-2020 a xefa de sección de Recursos Humanos e Patrimonio elevou á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe-proposta co código ASI14I0L0, do expediente ASI/56/2020, que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTENIMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2020

O día 23-07-2020 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2020.

O día 07-10-2020 publícase no DOG a resolución da subvención solicitada á Secretaría Xeral de Política Lingüística, aprobada por un importe de 3.058,40 euros.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Aceptar a subvención recibida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística polo importe indicado de 3.058,40 euros.

Segundo.- Aprobar o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón para a anualidade 2020, que é o seguinte:

Custos totais de persoal	47.524,14 euros Salarios: 36.165,78 euros – aplicación orzamentaria: 92000 13100 Seguridade Social: 11.358,36 euros – aplicación orzamentaria: 92000 16000
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	15.000 euros
Subvención concedida pola SXPL	3.058,40 euros
Achega do concello	29.465,74euros

A achega do concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2020.

Logo de ver o informe-proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO14I0L0, esta concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI